

PROXECTO  
DE FOMENTO  
DO USO DO GALEGO

CEIP SAN SALVADOR DE TEIS

CURSO ACADÈMICO 2020 – 2021

# INTRODUCCIÓN

Seguindo a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos do uso do galego nos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios , para o curso 2020 -2021 , o EDLG do CEIP San Salvador de Teis presenta este proxecto que leva por título “ Por un galego en continuo crecemento “ , xa que pretendemos que cada vez sexan máis os galegos que empreguen a nosa lingua con máis regularidade.

O Equipo de Dinamización de Lingua Galega

está composto por :

- Julia M<sup>a</sup> Losada Campos .
- M<sup>a</sup> Ángeles Miguel González e
- Nieves Salgado García como coordinadora .

Este Equipo contará coa colaboración dos profesionais que se considere oportuno e traballará de forma coordinada co resto dos equipos do Centro (dende o Equipo Directivo ata o Equipo de Biblioteca , Tic , Actividades Extraescolares e Complementarias ...).

No caso de confinamento as actividades programadas abordaránse dende un plano deseñado na aula virtual , sempre que sexa posible .

# BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

## Contorna sociolingüística do Centro

O noso Centro atópase emprazado no barrio de Teis -Vigo .Pola súa configuración xeográfico- social non é alleo ás circunstancias socioeconómicas propias dos barrios periféricos das urbes industriais medias . De tal xeito que o mundo obreiro ( pertencente a maioría ao sector naval e do metal ) convive coas actividades labregas e mariñeiras .

A nosa lingua úsana case exclusivamente os avós e as avoas xa que a medida que descendemos na idade cronolóxica do falante redúcese a porcentaxe de emprego do galego .

## Situación do profesorado

Os mestres empregamos as dúas linguas ( galego e castelán ) tanto na comunicación oral coma na escrita e cumprimos a lexislación vixente respecto das materias a impartir en lingua galega .

## Situación do alumnado

O emprego do galego por parte dos alumnos /as como lingua de relación é inexistente . A súa tendencia natural é a de expresarse en castelán.

A lingua galega é empregada exclusivamente na aula e nas materias que son impartidas en galego ( por demanda explícita dos mestres/as) así coma nas actividades programadas na nosa lingua.

## Situación lingüística do Centro

Cúmprese a normativa vixente en canto ao uso do galego dentro das aulas .

Decatámonos que algúns alumnos/as amosan dificultades de comprensión e expresión oral e escrita ,especialmente o alumnado inmigrante .

## OBXECTIVOS

-Fomentar o uso do idioma galego tanto na produción oral coma escrita e lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do Centro por parte de toda a comunidade educativa ,tanto nas aulas como fóra delas .

-Fomentar a participación do Centro en actividades , concursos , xornadas ...relacionadas coa lingua e a cultura galega que sexan promovidas pola Administración ou pola mesma comunidade educativa .

-Promover unha visión afable , moderna e útil da lingua galega que evite prexuízos ,reforce a súa estima e aumente a súa demanda ,dándolle relevancia á oralidade .

-Recuperar as historias , tradicións , costumes e cultura galegas en xeral , empezando polas máis próximas a nós .

-Facer uso das novas tecnoloxías para unha difusión máis ampla das actividades e tamén como intento de conectar o pasado co presente.

-Deseñar e colaborar en actividades encamiñadas a fomentar o uso do galego na comunidade educativa .

-Colaborar con outros Centros educativos da zona para que a actividade resulte máis enriquecedora .

-Coñecer a nosa Comunidade a través de saídas culturais .

# DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES

Coas actividades que imos desenvolver queremos facilitar a adquisición das catro competencias lingüísticas : comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita .

## 1.Actividades relacionadas con conmemoracións

### -Samaín

- Búsqueda de información en Internet cos alumnos /as e preparación de unidades didácticas sobre o tema .

- Colaborar coa páxina WEB do Centro aportando traballos realizados polo alumnado .

A realización destas actividades contará coa colaboración do alumnado e profesorado .

### -Magosto

- Búsqueda ou elaboración de unidades didácticas de distintos niveis para a súa aplicación nas aulas .

- Colaborar coa páxina WEB do Centro aportando traballos realizados polo alumnado .

## -Nadal

- Realización de manualidades relacionadas co Nadal .
- Audición de panxoliñas .

Nestas actividades participan profesorado e alumnado .

## -Día da Paz

- Investigar sobre a traxectoria de persoeiros galegos e galegas relevantes pola súa traxectoria en favor da igualdade social.

## -Entroido

- Búsqueda de materiais adaptados aos diferentes niveis para a elaboración da unidade didáctica “O Entroido” , que permita coñecer a diversidade dos distintos tipos de Entroido que se celebran en toda a xeografía galega .
- Propoñemos a elaboración dos disfraces , que este ano terán como tema “ A arte”, por parte das familias ( se a situación sanitaria o permite).
- Proposta : a merenda do alumnado será de doces típicos do Entroido . Na súa elaboración participaría alumnado e familia (farase na case e non se poderán compartir ) .

Nesta actividade participará toda a Comunidade Educativa .

## -Día da Muller traballadora

- Realización e exposición de traballos de investigación sobre “ Mulleres relevantes na sociedade galega “.

## -Letras Galegas

- No caso de ser convocado o Concurso de Carteis para conmemorar as Letras Galegas , o Centro participará .

- Recopilación de materiais , en soportes diversos , sobre o escritor/a homenaxado este ano .

- Realización dun tríptico con información do autor/a para enviarllo ás familias .

- Exposición en zonas moi visibles da cartelería enviada pola Xunta sobre o autor/a .

- Realización de traballos e actividades a partir da información dos carteis .

- Difusión do himno galego e de música tradicional galega , por megafonía , durante todo o mes de maio .

- Organización dun festival conmemorativo desta data ( se a situación sanitaria o permite ) no que as actuacións terán como obxectivo a promoción e difusión da lingua e cultura galega. O escenario estará decorado cos 10 carteis que o alumnado elaborou para participar no Concurso de Carteis convocado por Política Lingüística para conmemorar o Día das Letras Galegas .

Nesta conmemoración participarán alumnos/as , mestres /as e familias ( sempre que sexa posible ).

## 2.Actividades a desenvolver durante todo o curso

### -Colaboración coas institucións

Participaremos nas actividades de Normalización que nos ofrece o Concello de Vigo e tamén colaboraremos na difusión das direccións web ofertadas pola Dirección de Política Lingüística da Xunta para traballar nas aulas e como recomendación para os domicilios do alumnado.

### -O galego na web

Os traballos realizados por todos e cada un dos cursos , así como os festivais ou celebracións conxuntas , subiránse a páxina web do Centro en lingua galega .

### -Actividades en colaboración coa Biblioteca

- Colaboraremos nas actividades organizadas dende a Biblioteca : Día do Libro , Día de Rosalía , Día da Poesía ...

### -Revista escolar dixital " Outeiro do Sino "

- Nesta revista , cada un dos cursos expón algún dos moitos traballos realizados ao longo do ano académico 2019-2020 . Todos eles contarán coa colaboración do Equipo de TIC .



No caso de que alguna das actividades propostas non se puidera materializar, substituíramola por un plantexamento na Aula Virtual, fomentando o emprego do vocabulario propio referido á tarefa.

